



ILMO. CONCELLO DE VERÍN  
Cencellaría de Deportes  
ESCOLAS DEPORTIVAS DE FUTBOL

AUTORIZACIÓN PATERNA BASE DE DATOS E TOMA DE FOTOGRAFÍAS

Mod.: EDCV-2014-0001

G

**Pao, Ni o Tutor/a do menor de idade**

|                 |                         |
|-----------------|-------------------------|
| Nome e Apelidos | Documento de Identidade |
| Enderezo        | Teléfono                |
|                 | e-m@ail                 |

Actuando como:  Pai ou Nai

Titor / a

**Datos do Deportista**

|                   |                         |             |
|-------------------|-------------------------|-------------|
| Nome e Apelidos   | Documento de Identidade |             |
| Data de Nacemento | Nome do Pai             | Nome da Nai |

**BASE DE DATOS**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, o Servizo de Deportes do Concello de Verín informa de que os datos facilitados para a inscrición en actividades organizadas por este organismo, así como os derivados da relación co Concello de Verín, se incluírán nun ficheiro do que é responsable o propio Servizo de Deportes, ao que, en calquera momento, se poderá acceder para calquera consulta, rectificación, cancelación ou para opoñerse a calquera posible emprego deles, salvo no caso de ser necesarios para atendelo e demais derivados da súa condición de cliente-usuario/a.

O Servizo de Deportes do Concello de Verín infórmalle que a finalidade do ficheiro de datos persoais é a de manter coas seus clientes-usuarios/ás, antigos/ás usuarios/ás e demais interesados, unha canle de relación para informalos sobre ofertas de servizos, mellorar a dinámica organizativa destas, adecuar as actividades aos perfís dos usuarios e todos aqueles procedementos que cumpran cunha normal relación entre o usuario/a e o organismo competente.

**NON** desexo recibir información sobre actividades e servizos do Concello de Verín.

**OBTENCIÓN DE FOTOGRAFÍAS**

Segundo a definición que se fai no artigo 5.1.f. do Real Decreto 1720/2007, as fotografías, ao igual que a información numérica, alfabética, gráfica, acústica ou de calquera outro tipo concernente ás persoas físicas identificadas ou identificables, son datos de carácter persoal. Ademais, esta definición está amparada na Lei Orgánica 1/1996 sobre a Protección Xurídica do Menor, a mencionada Lei Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos e a Lei Orgánica 1/1982 que se refire á Protección Civil do Dereito á Honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

O Servizo de Deportes infórmalle que pretende tomar fotografías aos alumnos inscritos nas actividades que organiza, creando así unha base de datos para confeccionar álbums e

ILMO. CONCELLO DE VERÍN  
Cencellaría de Deportes  
ESCOLAS DEPORTIVAS DE FUTBOL

AUTORIZACIÓN PATERNA BASE DE DATOS E TOMA DE FOTOGRAFÍAS

Mod.: EDCV-2014-0001

memorias de carácter exclusivamente interno, do cal sería o máximo e único responsable. Tamén poden ser empregadas para incluír na confección de publicidade e promoción de actividades e servizos, en calquera tipo de soporte gráfico como electrónico. Sobre esta base de datos fotográficos, en calquera momento, o cliente-usuario/a pode acceder para calquera consulta, rectificación, cancelación ou para opoñerse a calquera posible emprego delas, salvo no caso de ser necesarias para a súa atención e demais derivados da súa condición de cliente-usuario/a.

A toma de fotografías dos menores debe estar sometida ao consentimento dos representantes legais dos interesados, segundo o artigo 6.1. da Lei de Protección de Datos, polo que o Servizo de Deportes necesita da súa aprobación inequívoca. Así mesmo, para non incorrer en intromisión ilexítima, segundo o artigo 4.3. da Lei Orgánica 1/1996 sobre a Protección do Menor, o Concello de Verín declara que as fotografías tomadas serán empregadas sempre dunha forma que non implique un menoscabo á honra dos menores ou á súa reputación, ou sexa por intereses contrarios aos dos propios clientes-usuarios/ás ou alumnos/ás.

Declárome informado sobre todos os dereitos que me asisten pola aplicación das Leis en vigor sobre a custodia de datos persoais e sobre a obtención de fotografías a menores de idade, e expreso inequivocamente o meu consentimento a:

Aceptar que os meus datos e os dos meus representados legais sexan incorporados a un ficheiro colectivo de cliente-usuario/a e sexan tratados baixo as condicións que se aclaran nesta folla.

Aceptar que se tomen fotografías miñas e/ou dos meus representados legais e incorpórense a unha base colectiva de datos fotográficos, e sexan tratadas nas condicións que se informan nesta folla.

En Verín, a            de            de 2024  
Sinatura do Pai/Nai ou Titor/a dos menores de idade  
ou do Deportista maior de idade